

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 15 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento PE201B).

BDNS (Identif.): 601823.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas que sexan pemes do sector de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

Segundo. Finalidade

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos procedentes da pesca e da acuicultura, que terán como finalidade realizar investimentos:

1. Que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, incluíndo o tratamento de residuos.
2. Que melloren a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo.
3. Que axuden á transformación de capturas de pescado comercial que non se poida destinar ao consumo humano.



4. Que se refiran á transformación de subprodutos obtidos das actividades principais de transformación.

5. Que se refiran á transformación de produtos de acuicultura ecolóxica en virtude dos artigos 6 e 7 do Regulamento (CE) nº 834/2007.

6. Que dean lugar a novos e mellores produtos, novos ou mellores procesos, ou novos ou mellores sistemas de xestión e organización.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 15 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento PE201B).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2022 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723A.771.1, correspondente á Consellería do Mar para 2022. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario será de 19.000.000 de euros.

A concesión estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución para o gasto que se efectuará no orzamento de gastos para o ano 2022.

A distribución de anualidades será a seguinte:

- Anualidade 2022: 9.000.000 de euros.
- Anualidade 2023: 10.000.000 de euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.



Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 15 de decembro 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: 7k87bcv8-qye3-0810-xeg2-ng0m4bddq5z9

